

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/28-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE CORCUBIÓN, FISTERRA E O PINDO	
Plan explotación	AMEIXA RUBIA	
Réxime	LIBRE MARISQUEO	
Modalidade	EMBARCACIÓN	

Especies	Ameixa rubia (<i>Venerupis rhomboideus</i>)
Ambito do plan	Zona V, agás no ámbito da reserva mariña de interese pesqueiro <i>Os Miñarzos</i>
Subzonas de explotación	- Banco do castelo de Corcubión ou do oeste (CM-144) - Banco do castelo de Ameixenda ou do leste (CM-054) - Banco de Boca de Sapo (CM-053) - Banco de Sardiñeiro (CM-050) - Banco do Pindo (CM-051) - Banco de Fisterra (CM-052)

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/personas autorizadas		
Mariscadoras a Pé	Embarcacións	Tripulantes
-	12	-
Ampliación do numero de Permex		NON
Mariscadoras a Pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		60										
Época e zona probable de extracción												
Modalidade: dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setem	outu	novem	dec	
				X	X	X						

Topes captura		
Especies	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día)
Ameixa rubia	120 kg	30 kg

Artes a empregar	Endeño remolcado
-------------------------	------------------

Puntos de Control	Peiraos e lonxas de Corcubión e Fisterra
Puntos de Venta	Lonxa de Corcubión e Lonxa de Fisterra

Accións a realizar	Épocas probables											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improductivas												
Zonas: Ámbito territorial da Confraria de Corcubión	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembras												



Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpiezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións:

Zonas de produción: Non se autoriza a incorporación a este plan dos bancos de Galera e Ballenera namentres non estean avaliados.

Tamén está excluída do plan a zona delimitada como reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos.

Os participantes no plan deben respectar escrupulosamente a profundidade de traballo (fondos superiores a 15 metros). Deberá terse especial atención no Banco de Boca de Sapo porque nesa zona hai interferencias co banco de navalla incluído no plan de explotación para a Zona V (denominado Banco do Castelo).

Participantes: O plan presenta un listado de 12 embarcacións interesadas en participar neste plan: 8 asociadas á confraría de Corcubión, 3 asociadas á confraría de Fisterra e 1 asociada á confraría de O Pindo, que contan coa arte endeño remolcado no seu permex.

Ampliación: Non hai unha proposta clara de ampliación, sen embargo, fai referencia a que hai 18 embarcacións interesadas en participar neste plan. A escasa selectividade desta arte, a falla dunha avaliación recente do recurso e os malos resultados do plan en vigor, desaconsella conceder ampliación algunha.

Calendario de extracción: Este plan foi aprobado nos últimos 3 anos condicionado ao período de veda da pesquería do polbo, co obxecto de dar unha alternativa a aquelas embarcacións que contaban con nasa de polbo e endeño remolcado no seu permiso de explotación. Así pois, considérase que o desenvolvemento deste plan para o ano 2011 debe axustarse á premisa baixo a que foi aprobado nos anos anteriores. Por esta razón non se aproba nin o incremento da época de extracción nin dos días máximos de extracción propostos no plan presentado, con respecto ao plan en vigor.

A preocupante falla de recurso no ano 2010, que levou ao cese desta actividade en dous días,



fai necesario a realización de novas mostraxes, con anterioridade á primeira apertura, a fin de determinar a viabilidade do plan.

Cota máxima de captura: A cota máxima de captura fíxase por tripulante enrolado e a bordo día cun máximo por embarcación equivalente á cota de 4 tripulantes. Recórdase que a única especie autorizada a capturar co endeño remolcado é a ameixa rubia.

Puntos de control: Establécense puntos de control, segundo o porto de descarga, nos que se rexistra o número de embarcacións e tripulantes, se pesan as capturas, comprobando que non se supere a cota máxima e se fai control de tallas. Os responsables destes controis serán os propios participantes no plan, de xeito rotativo, de forma que cada semana serán elixidos dous responsables mediante sorteo.

O control debe facerse obrigatoriamente nos puntos de control recollidos na presente ficha para poder levar a cabo un seguimento axeitado do plan. O paso polos puntos de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior. Dadas as características deste plan, deberán remitirse os **datos diarios** de extracción obtidos nos puntos de control, co fin de levar a cabo un seguimento axeitado indicando: día, nome da embarcación, número de tripulantes, quilos capturados, prezo medio, zona de traballo e a profundidade de arrastre.

Comercialización: Co obxecto de obter o maior rendemento posible a esta pesqueira, recoméndase que as entidades teñan a garantía de que o produto terá saída no mercado antes de solicitar a apertura mensual.

Unha vez vendida a mercadoría, expediráselle ao comprador o preceptivo documento de rexistro que, segundo a lexislación vixente, ten unha validez de 5 días.

Réxime sancionador: O control e cumprimento do plan será realizado por unha comisión nomeada pola confraría.

O plan reflicte que o incumprimento das normas por parte dos participantes dará lugar a sancións, previa incoación do expediente sancionador, sen aclarar se estas se axustarán aos estatutos das confrarías, e independentemente da sanción que lle sexa aplicada en base ao disposto na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia.

En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase a elaboración do procedemento sancionador en caso de incumprimento das normas do plan.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da aprobación do plan por parte do órgano de goberno da confraría de O Pindo.
- Normas de funcionamento dos puntos de control establecidos nos peiraos e persoas responsables.
- Indicar que persoas forman a comisión de control e de que xeito son elixidas.

O desenvolvemento deste plan virá condicionado aos resultados das mostraxes a realizar nestes bancos, que deberán achegar con anterioridade á primeira solicitude de apertura.